

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 25 de agosto de 2014**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e quince minutos do día vinte e cinco de agosto de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e a xefa de fiscalización, Sra. Hernández Vidal, por ausencia do Sr. Interventor xeral.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(926).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

Ratifícase a urxencia da sesión.

**2(927).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA PROGRAMAS DESENVOLVIDOS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS PARA A INCLUSIÓN SOCIAL DA POBACIÓN XITANA, INMIGRANTE E OUTRAS PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN, COFINANCIADAS POLO FONDO SOCIAL EUROPEO. EXPTE. 99775/301.**

Visto o informe-proposta do xefe de Área de Política de Benestar, do 19.08.14, conformado pola concelleira-delegada de dita Área, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- Solicitar unha subvención segundo a orde do 28 de xullo de 2014 para os seguintes programas:

- a) Programa dirixido á inclusión social da comunidade xitana.
- b) Programa dirixido á inclusión social da poboación inmigrante.
- c) Programa dirixido á inclusión social de persoas beneficiarias de Renda de Inclusión Social de Galicia.

SEGUNDO.- Habilitar á concelleira-delegada da área de Política de Benestar para a sinatura de canta documentación sexa necesaria en relación á citada convocatoria de subvención.

### **3(928).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA FACER FRONTE ÁS AXUDAS ECONÓMICAS INDIVIDUAIS DE EMERXENCIA PARA O EXERCIZO 2014. EXPTE. 89376/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14.08.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Benestar Social, do 19.08.14, conformado pola xefa de Área de Política de Benestar e a concelleira-delegada de dita Área, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 19 de decembro de 2013 aprobou o "MARCO DE ACTUACIÓN DO PROGRAMA DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS MUNICIPAIS NON PERIÓDICAS DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2014"*

*Na cláusula quinta dos criterios de actuación especificase que "... de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificaránse as partidas na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes ..."*

*No departamento detéctase que a situación das familias con problemas económicos agrávese dunha maneira moi importante pola situación da crise xeneralizada; esta situación tamen provoca demoras nas adxudicacións de axudas periódicas doutras institucións autonómicas e/ou estatais que, as veces, triplica o tempo normal de adxudicación. Esta problemática produce unha necesidade de concesión de axudas económicas de emerxencia que está a superar tódalas previsións.*

*En base ao anterior, é necesario e urxente incrementar a dotación para axudas a familias da aplicación 2310-4800000, en 100.000 €, con cargo à bolsa de vinculación xurídica do capítulo IV, facendo constar que o emprego da bolsa non perturba o funcionamento do servizo.*

*Com data 14 de agosto, a intervención xeral informa de conformidade, contabilizando documento contable número RC-201400057844 por importe de 100.000€.*

*Tralo exposto, á Xunta de Goberno Local propónse a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Autorizar o gasto de 100.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2310.4800000 para facer fronte ás axudas económicas individuais de emerxencia para o exercicio 2014.*

Segundo.- Autorizar a realización de libramentos a xustificar, à solicitude de Política de Benestar, ata o importe máximo indicado no apartado anterior, a nome de funcionarias/os habilitadas/os do departamento.

Non obstante esa Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **4(929).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRA “REFORZO DA REDE DE ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE VALLADARES, ESTRADA DA VENDA”. EXPTE. 2687/443.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 13.08.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

*Obra: “REFORZO DA REDE DE ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE VALLADARES, ESTRADA DA VENDA”. Expte. 2658/443.*

*Localidade e situación: PARROQUIA DE VALLADARES. ESTRADA DA VENDA.*

*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.*

*Autor/a do proxecto: D. CASIMIRO FONTENLA BUGALLO.*

*Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.*

*Contratista titular do plan: AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA.*

*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.*

*Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. CASIMIRO FONTENLA BUGALLO.*

*Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. MIGUEL ÁNGEL PAYÁ GONZÁLEZ.*

*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. OSCAR PEREIRO TAIBO (GESTIÓN DE SEGURIDAD EN CONSTRUCCIÓN, SL. CSM).*

*Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: MIGUEL ÁNGEL PAYÁ GONZÁLEZ (AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA).*

*Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:*

*-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.*

*-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.*

*Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propoer a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de*

Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propoer a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "REFORZO DA REDE DE ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE VALLADARES, ESTRADA DA VENDA".
2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **5(930).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA "REFORZO DA REDE DE ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE VALLADARES, ESTRADA DA VENDA". EXPTE. 2688/443.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 13.08.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 16 de xullo de 2014 aprobou o PROXECTO DE REFORZO DA REDE DE ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE VALLADARES, ESTRADA DA VENDA", cun orzamento de base de licitación de 430.648,56 € (Ive excluído), con cargo ao Plan de Inversións recollido na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

Se prevé o comezo das obras de inmediato, polo que faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria "AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA."

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Isaura Abelairas Rodríguez